



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Avaliación do ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira	Código	652609924	
Titulación	7 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Linguas Extranxeiras			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Lasa Álvarez, María Begoña	Correo electrónico	b.lasa@udc.es	
Profesorado	Lasa Álvarez, María Begoña	Correo electrónico	b.lasa@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo da teoría e a posta en práctica da avaliación en lingua estranxeira nos niveis do ensino secundario, formación profesional e escolas oficiais de idioma.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A24	(CE-E10)Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.
A27	(CE-E13)Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Analizar criticamente propostas e estudos en torno á avaliación.	AP24		CM4
	AP27		CM6
Coñecer as diferentes teorías, modelos e recursos para a avaliación, así como as propostas de avaliación do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas no seu capítulo 9 e o uso de PEL como ferramenta de avaliación.	AP24		CM2
			CM6
			CM7
Deseñar propostas de avaliación na área de lingua estranxeira	AP24		CM6
	AP27		
Expoñer oralmente os resultados do análise documental e o deseño de propostas de avaliación na área de lingua estranxeira	AP24		CM2
	AP27		CM4
			CM6
			CM7
Expoñer por escrito reflexións sobre os diferentes modelos, estratexias e recursos de avaliación	AP24		CM6
	AP27		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Conceptos chave sobre avaliación no ensino-aprendizaxe de linguas estranxeiras	1.1. Definicións, terminoloxía, tipos 1.2. Corrección de erros e feedback.



2. A avaliación do ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira na lexislación e no Marco Común Europeo de Referencia das Linguas	2.1. Lexislación estatal e autonómica. 2.2. Marco Común Europeo e Portafolio de Linguas como guía e instrumento de avaliación.
3. A avaliación de diversos contidos lingüísticos	3.1. Competencias lingüísticas. 3.2. Gramática. 3.3. Vocabulacio. 3.4. A integración das TICs no proceso de avaliación
4. Alternativas na avaliación no ensino-aprendizaxe de linguas estranxeiras	4.1. Diseño de actividades de avaliación. 4.2. Entornos personais de aprendizaxe (PLE). 4.3. Outras alternativas para a avaliación.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A24 C4 C6 C7	12	19	31
Presentación oral	A27 C2	4	2	6
Análise de fontes documentais	A24 C2 C4 C7	0	7	7
Aprendizaxe colaborativa	A24 A27 C4 C6	5	19	24
Recensión bilbiográfica	A24 C2 C6	0	3	3
Resumo	A24 A27 C2 C4 C6	0	3	3
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos e ás estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor ou profesora en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a do resto de membros do grupo.
Recensión bilbiográfica	A recensión bibliográfica supón un proceso de lectura crítica dun libro, dun artigo, dunha tese ou dunha comunicación a un congreso. Como tal proceso comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración da mesma en relación á literatura existente sobre o tema. Unha recensión non supón un resumo da obra, nin unha mera análise do contido, pois o que lle outorga sentido e dimensión académica científica é a crítica que merece a xuízo do autor da recensión, en relación a outras obras coñecidas do mesmo ámbito ou en relación a súa propia experiencia.



Resumo	Consiste nunha síntese dos principais contidos traballados que se estrutura en forma dun diario de aula.
--------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	A profesora atenderá persoalmente, e tamén por correo electrónico, as dúbidas que o alumnado poda ter. Asemade, dirixirá dun xeito persoal as prácticas coas novas tecnoloxías de comunicación e información, no contexto da construción de probas de avaliación para a lingua estranxeira. Igualmente, deberá exercer atención personalizada no traballo grupal na aula e no estudo documental o de casos concretos relativos a avaliación que integran o programa.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Recensión bibliográfica	A24 C2 C6	Lectura crítica dun libro, dun artigo ou dunha comunicación a un congreso. O proceso comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración da mesma en relación á profesión docente.	20
Presentación oral	A27 C2	Presentación oral dun tema relativo a avaliación (actividades ou tarefas de avaliación, teorías, investigación, aspectos prácticos, simulacións, deseño de actividades...).	30
Aprendizaxe colaborativa	A24 A27 C4 C6	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a do resto de membros do grupo.	30
Resumo	A24 A27 C2 C4 C6	Síntese dos temas tratados na aula en forma de entradas dun diario de aula.	20

Observacións avaliación

Para superar a materia na convocatoria ordinaria o alumnado deberá asistir polo menos a un 80% das sesións presenciais.

Os ítems de avaliación son de obrigado cumprimento e para aprobar a materia é necesario obter unha cualificación de 5 ou superior sobre 10. A nota final será o resultado da suma das cualificacións obtidas en cada un deles.

A oportunidade de xullo estará sometida aos mesmos criterios e instrumentos.

AVALIACIÓN DE ALUMNADO CON DISPENSA ACADÉMICA

O alumnado con dispensa académica de exención de asistencia, solicitada formalmente en tempo e forma, deberá informar á profesora ao comenzo das clases e será avaliado na convocatoria ordinaria como o resto de alumnado presencial mediante os seguintes ítems:

- Presentación oral: 30%
- Traballo individual: 30%
- Recensión bibliográfica: 20%
- Resumo (diario): 20%

AVALIACIÓN DE ALUMNADO NON PRESENCIAL

O alumnado que non asista polo menos a un 80% das sesións presenciais deberá informar á profesora ao comenzo das clases e será avaliado na convocatoria extraordinaria de xullo mediante os seguintes ítems:

- Presentación oral: 30%
- Traballo individual: 30%
- Recensión bibliográfica: 20%
- Resumo (diario): 20%

Importante: A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria.

Fontes de información



Bibliografía básica

- EURYDICE (2009). Organización del sistema educativo español. Bruselas Unión Europea
- ALDERSON, J.C. & BERETTA, A. (1992). Evaluating Second Language Education. Cambridge: CUP
- LEE MCKAY, S., (1992). Teaching English Overseas: An Introduction. Oxford: OUP
- LONG, Michael & Jack C. Richards (2000). Methodology in TESOL. Boston: H&H
- MARTIN GIMENO, S (1961). La Enseñanza del Inglés en España. Madrid: Ediciones Gredos
- PÉREZ TORRES, I (2006). Diseño de Webquests para la enseñanza/aprendizaje del inglés como lengua extranjera. Tesis. Granada: Editorial
- Giné Freixes, Núria y Parcerisa, Artur (2000). Evaluación en la educación secundaria. Elementos para la reflexión y recursos para la práctica. Barcelona: Graò
- Richards, Jack C & Rodgers, Theodore S. (2014). Approaches and Methods in Language Teaching. 3rd edition. Cambridge: CUP
- Alderson, J.C. (2005). Assessing Reading. Cambridge: Cambridge University Press.
- Al-Mahrooqi, R., et al. (2017). Revisiting EFL Assessment: Critical Perspectives. Cham: Springer.
- Atkinson, D. (ed.). (2011). Alternative Approaches to Second Language Acquisition. New York: Routledge.
- Brown, H. D. (2004). Language Assessment: Principles and Classroom Practices. London: Longman.
- Buck, G. (2011). Assessing Listening. Cambridge: Cambridge University Press.
- Burns, A. & Richards, J.C. (2009). The Cambridge Guide to Second Language Teacher Education. Cambridge: Cambridge University Press.
- Castillo Arredondo, S. (2004). La práctica evaluadora del profesorado de Primaria y Secundaria. Granada: Grupo Editorial Univesitario.
- Coombe, C. et al. (2013). The Cambridge Guide to Second Language Assessment. New York: Cambridge University Press.
- Douglas, D. (1999). Assessing Language for Specific Purposes. Cambridge: Cambridge University Press.
- Fulcher, G. & Davidson, F. (2007). Language Testing and Assessment: An Advanced Resource Book. London: Routledge.
- Gebhard, J.G. (2006). Teaching English as a Foreign or Second Language: A Teacher Self-development and Methodology Guide. 2nd edition. Michigan: University of Michigan Press.
- Giné Freixas, N. & Parcerisa Aran, A. (2000). Evaluación en la educación secundaria: elementos para la reflexión y recursos para la práctica. Barcelona: Graò.
- Green, A. (2014). Exploring Language Assessment and Testing: Language in Action. Londres: Routledge.
- Grehan, A. (ed.). (2013). A Practical Guide to Teaching English in the Secondary School. London: Routledge.
- Gottlieb, M.H. (2006). Assessing English Language Learners: Bridges from Language Proficiency to Academic Achievement. Thousand Oaks: Corwin Press.
- Hadfield, J. (1992). Classroom Dynamics. Oxford: Oxford University Press.
- Harmer, J. (2013). Essential Teacher Knowledge: Core Concepts in English Language Teaching. Londres: Pearson.
- Harmer, J. (2015). The Practice of English Language Teaching. 5th edition. Londres: Pearson.
- House, S. (coord.). (2011). Didáctica del inglés. Classroom Practice. Barcelona: Graò.
- Ioannou-Georgou, S. & Pavlou, P. (2003). Assessing Young Learners. Oxford: Oxford University Press.
- Jerschensohn, J. & Young-Scholten, M. (eds.) (2013). The Cambridge Handbook of Second Language Acquisition. Cambridge: Cambridge University Press.
- Lindstromberg, S. (ed.) (2004). Language Activities for Teenagers. Cambridge: Cambridge University Press.
- Kennedy-Scanton, M., Cebrian, J. & Bradbury, J. (2010). Guided Error Correction: Exercises for Spanish-Speaking Students of English. Barcelona: Servei de Publicacions de la Universitat Autònoma de Barcelona.
- Luoma, S. (2004). Assessing Speaking. Cambridge: Cambridge University Press.
- Martínez Agudo, J.D. (2014). English as a Foreign Language Teacher Education: Current Perspectives and Challenges. Amsterdam: Rodopi.
- McKay, P. (2011). Assessing Young Language Learners. Cambridge: Cambridge University Press.
- McLaren, N., Madrid, D. & Bueno, A. (eds.). (2005). TEFL in Secondary Education. Granada: Universidad de Granada.
- Murchisky, B. (2007). Classroom Strategies: A Tool Kit for Teaching Language Learners. Westport: Teacher Ideas Press.
- Nassaji, H. & Kartchava, E. (eds.). (2017). Corrective Feedback in Second Language Learning and Teaching: Research, Theory, Applications, Implications. Cambridge: Cambridge University Press.
- Nassaji, H. & Kartchava, E. (eds.). (2021). The Cambridge Handbook of Corrective Feedback in Second Language Learning and Teaching. Cambridge: Cambridge University Press.
- Purpura, J.E. (2004). Assessing Grammar. Cambridge: Cambridge University Press.
- Read, J. (2000). Assessing Vocabulary. Cambridge: Cambridge University Press.
- Richards, J.C. (2015). Key Issues in Language Teaching. Cambridge: Cambridge University Press.
- Richards, J.C. & Farrell, S.C. (2011). Practice Teaching. A Reflective Approach. Cambridge: Cambridge University Press.
- Richards, J.C. & Rodgers, T.S. (2014). Approaches and Methods in Language Teaching. 3rd edition. Cambridge: Cambridge University Press.
- Rubio Alcalá, F.D. (2004). La ansiedad en el aprendizaje de idiomas. Huelva: Universidad de Huelva.
- Salazar, M.C. & Lerner, J. (2019). Teacher Evaluation as Cultural Practice: A

Framework for Equity and Excellence. London: Routledge. Sanmartí, N. (2007). 10 ideas clave. Evaluar para aprender. Barcelona: Graò. Scrivener, J. (2015). Learning Teaching. Londres: Macmillan. Solano Flores, G. (2016). Assessing English Language Learners: Theory and Practice. New York: Routledge. Tsagari, D. & Banerjee, J. (2017). Handbook of Second Language Assessment. Munich: De Gruyter. Underhill, N. (1987). Testing Spoken Language: A Handbook of Oral Testing Techniques. Cambridge: Cambridge University Press. Ur, P. (2012). A Course in English Language Teaching. 2nd edition. Cambridge: Cambridge University Press. Varela Méndez, R. (coord.) (2003). All about Teaching English: A Course for Teachers of English (Pre-school to Secondary). Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces. Vázquez Fernández, P. & Ortega Osuna, J.L. (2011). Competencias básicas: desarrollo y evaluación en Educación Secundaria Obligatoria. Las Rozas: Wolters Kluwer Educación. Vez Jeremías, J.M. (2001). Formación en didáctica de las lenguas extranjeras. Rosario: Homo Sapiens. VV.AA. (2006). Las lenguas extranjeras en el aula. Reflexiones y propuestas. Barcelona: Graò. Weigle, S.C. (2002). Assessing Writing. Cambridge: Cambridge University Press. Woodward, T. (2001). Planning Lessons and Courses. Designing Sequences of Work for the Language Classroom. Cambridge: Cambridge University Press.



Bibliografía complementaria	Páxinas web de utilidade http://bbc.learner.com http://teachingenglish.org.uk http://dictionary.cambridge.org/activity.htm http://www.yourdictionary.com
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías